

ACTA NÚM. 1/2023.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2023.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 8 de febreiro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.12.2022.

2º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2023".

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

6º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 30.01.2023, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DO 31.01.2023, REFERENTE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE NEGREIRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA TIROLINA.

7º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS PP.QQ. 8+390 AO 10+000 E CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.12.2022.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 8/2022, do 21.12.2022. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Dada conta da resolución da alcaldía do 30.12.2022, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrita di:

Visto o convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, publicado na páxina web da FEGAMP con data 30.12.2022, e que ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) para o ano 2023, como grupos operativos de emerxencias no ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

Ao abeiro do sinalado no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión do Concello de Brión ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia, manifestar a vontade deste concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e

compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, con efectos do 01.01.2023.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da alcaldía nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.01.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrita di:

2ª PRÓRROGA NA PRESTACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE.

Antecedentes:

1. Con data 17.08.1992 o Concello asinou coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., con CIF: B-15026693, o contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, prorrogables tacitamente por iguais períodos, agás denuncia por algunha das partes con tres meses de antelación ao vencemento do mesmo. O propio tempo o Concello poderá esixir ao contratista, á finalización do contrato, prórrogas de seis meses de duración e ata un máximo de dúas.(Cláusula XXI do contrato). A duración do contrato iría do 17.08.1992 ao 17.08.2002.

3. O Pleno do Concello en sesión do 03.03.1997 aproba unha primeira prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2002 ao 17.08.2012.

4. O Pleno do Concello en sesión do 15.02.2001 aproba unha segunda prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2012 ao 17.08.2022.

5. O Pleno do Concello en sesión do 15.06.2022 acordou consonte co disposto na cláusula XXI do contrato aprobar unha primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, asinado coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo prazo de seis meses que vai do 17.08.2022 ao 17.02.2023.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar unha segunda prórroga do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, asinado coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que

foron pactados mediante o contrato inicial, polo prazo de seis meses que vai do 17.02.2023 ao 17.08.2023.

2º) Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos, debendo formalizarse por escrito a prórroga.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2023".

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.02.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023", publicadas no BOP 228, do 01.12.2022, e a circular da Deputación sobre este plan de data novembro de 2022, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	244.349,80
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	244.349,80

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					

--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do viario dende Rúa Gondar a límite municipal e outros.	169.480,24				169.480,24
Subtotal investimentos achega provincial 2022	169.480,24				169.480,24

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

- **Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

- **Resumo:**

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	244.349,80			244.349,80
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023				
	Achega 2022	169.480,24			169.480,24
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023				
D- TOTAL	Achega 2023	244.349,80			244.349,80
	Achega 2022	169.480,24			169.480,24
	Préstamo 2023				

	TOTAL	413.830,04				413.830,04
--	--------------	------------	--	--	--	------------

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Mellora do viario da aldea de Esparís a DP-1302 e outros.	178.028,20		
Mellora do viario en A Telleira.	100.927,23		
TOTAIS	278.955,43		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imos votar a favor, estamos de acordo coas obras propostas, pero botamos de menos a conversación previa cos grupos da oposición; sabemos que hai moitas pistas sen asfaltar e vaise dando por prioridades, e remata sinalando que a proposta de Alqueidón xa se fixo con anterioridade e non está feito.

O Sr. Alcalde sinala que vaise facendo pouco a pouco, e moito é para tapar obras de sumidoiros que se fixeron; remata sinalando que vós presentades propostas e nós intentamos atendelas, así por exemplo a de Telleira foi unha proposta do PP.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.02.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), publicadas no BOP 228, do 01.12.2022, onde se regula na base 12 o POS + Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, e a circular da Deputación sobre este plan de data decembro de 2022, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2023**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL 1/2023

71.268,69 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	11.881,00 €	0,00	11.881,00 €	11.881,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais	8.000,00	0,00	8.000,00 €	8.000,00	0,00 €

municipais. As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.					
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			0,00 €		0,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	52.987,69	1.600,00	51.387,69 €	51.387,69	0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	72.868,69 €	1.600,00 €	71.268,69 €	71.268,69 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
------------------------	-----------------------------------	---	---	--

TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	72.868,69 €	1.600,00 €	71.268,69 €	71.268,69 €	0,00 €
--	-------------	------------	-------------	-------------	--------

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	71.268,69 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	71.268,69 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imos votar a favor, pero quero insistir en que as achegas da área social se gasten todas, temos necesidades dabondo; non imos entrar a avaliar o estudo que fixo servizos sociais, pero que non se devolva nada á Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que é a realidade, pero que é complicado gastar eses cartos, e o ano pasado a maioría dos concellos devolveron cartos, intentaremos aplicarlos ás necesidades dos veciños.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 30.01.2023, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DO 31.01.2023, REFERENTE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE NEGREIRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA TIROLINA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 30.01.2023, modificada por resolución do 31.01.2023, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrita di:

ASUNTO: DECRETO DE INTRODUCCIÓN NO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BRIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA TIROLINA SOBRE O RÍO TAMBRE, ENTRE OS CONCELLOS DE NEGREIRA E BRIÓN A CIRCULAR Nº 1/2017 DO 24 DE MARZO SOBRE NORMAS DE TRAMITACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS XERADORES DE INGRESOS. EXPEDIENTE: 2023/G003/000045, polo que en resumo se aproba un convenio de colaboración, que figura como anexo do decreto, entre os Concellos de Negreira e Brión para a execución do proxecto denominado: Proxecto de construción dunha tirolina sobre o río Tambre, entre os Concellos de Brión e Negreira, para solicitar de xeito conxunto unha subvención ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2022, publicada no DOG nº 247, do 29 de decembro de 2022, pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de

Desenvolvemento Rural (Procedemento MR701D), por importe de: 125.738,56 Euros (IVE incluído) á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que irá onde temos o local de piragüismo de Ons, solicitamos unha subvención para facelo, para poñer en valor outras rutas do Concello como a do Pozo Negro; a idea é que a xestione unha empresa cando estea feita, que a poña en valor para darlle vida a esa zona de arriba, o local de piragüismo está alí morto e podía facerse alí unha cantina, etc.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non estamos en contra, pero imos abstermos porque non coñecemos o proxecto.

Votación e resultado:

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a ratificación da resolución da alcaldía nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS PP.QQ. 8+390 AO 10+000 E CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO.

Dada conta do convenio de colaboración referenciado, asinado con data 21.01.2023, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.02.2023, que transcrito di:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS PP.QQ 8+390 AO 10+000 E CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO.

En Brión, a 21 de xaneiro de 2023.

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Pablo Lago Sanmartín, na súa condición de alcalde do Concello de Brión, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada autonómica AC-543 era a antiga vía principal de comunicación entre Santiago de Compostela e as comarcas de Noia e Barbanza. Sen embargo, a sucesiva urbanización das súas marxes, unido á apertura da autovía AG-56 (Santiago - Brión) e a vía de alta capacidade CG-1.5 (Brión-Noia) mudou a súa funcionalidade, pasando a dar soporte á mobilidade local coa vocación final de configurarse como unha rúa ao servizo dos núcleos de poboación polos que pasa.

De feito, o Decreto 64/2020, do 12 de marzo, aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello de Ames do treito da estrada AC-543 comprendido entre o punto quilométrico 6+250 e o punto quilométrico 8+390, que é o contiguo ao treito obxecto deste convenio de colaboración.

Segundo. O feito de que o treito de AC-543 ao seu paso por Brión teña unha configuración como estrada, incoherente cunha funcionalidade urbana e de soporte á mobilidade local,

provoca disfuncionalidades que xa non só administrativas como consecuencia da aplicación da normativa de estradas, senón que supoñen graves problemas para a vida cotiá das persoas que viven nas súas marxes ou son usuarios da vía. Por un lado, as beirarrúas non son completas e accesibles, como correspondería a unha zona urbanizada, ofrecendo dificultades para o tránsito de persoas xa non só discapacitadas, senón de persoas maiores, carriños de bebés, etc. Pero, o máis importante, foi recentemente identificado como treito de concentración de accidentes (TCA) o comprendido entre os puntos quilométricos 8+800 e 10+100, é dicir, coincidente practicamente co treito máis urbano de Brión e obxecto deste convenio. Isto é especialmente relevante, xa que tan só se identificaron no ano 2021 un total de 26 TCAs en estradas autonómicas. En concreto, neste treito de AC-543 producíronse nos últimos 5 anos 13 accidentes con vítimas, deles 3 atropelos e 5 colisións frontolaterais. En consecuencia, é urxente unha actuación que adecúe as características da vía á súa funcionalidade urbana, calmando o tráfico e dando prioridade aos usuarios vulnerables, con medidas como a ampliación das beirarrúas e o estreitamento dos carrís de circulación.

Terceiro. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade, acadar redes eficaces, cómodas e seguras, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura dun desenvolvemento harmónico. Unha das súas ferramentas fundamentais é o Plan de Seguridade Viaria 2022-2025, aprobado polo consello da Xunta de Galicia con data 28/04/2022, e que prevé como un dos seus programas, especificamente, o Programa para a eliminación de tramos de concentración de accidentes (TCA). Así, o treito obxecto deste convenio convértese nunha das principais prioridades de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas.

Cuarto. Danse, por tanto, neste treito da AC-543 circunstancias singulares que determinan que sexa especialmente vantaxosa para o interese público unha colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión. É unha prioridade para a Axencia Galega de Infraestruturas actuar no treito para mellora da seguridade viaria, ao ser identificado o treito como de concentración de accidentes (TCA) e ser un programa de actuación do Plan de Seguridade Viaria 2022-2025. É unha prioridade para o concello de Brión garantir a accesibilidade e a funcionalidade urbana nun dos seus principais núcleos de poboación. E é consecuencia da configuración e funcionalidade da estrada que se adopten medidas de calmado de tráfico que implican a súa conversión, de estrada a rúa, e polo tanto a asunción da titularidade por parte da entidade local, perdendo así a condición legal de estrada.

Quinto. Complementariamente, Axencia Galega de Infraestruturas está redactando un proxecto para a mellora da accesibilidade e conexión das paradas de autobuses, sitas na Rede Autonómica de Estrada de Galicia, nas rutas de acceso polo noroeste á cidade de Santiago. O proxecto afecta as seguintes seis paradas que se atopan no treito da AC-543 que se vai transferir ao concello de Brión:

- P.Q. 8+610 "O Tremo" en ámbalas dúas marxes.
- P.Q. 9+230 "Gasolineira do Tremo" en ámbalas dúas marxes.
- P.Q. 9+870 "Empalme de Liñares" en ámbalas dúas marxes.

O Concello de Brión deberá ter en conta no seu proxecto de acondicionamento, as obras proxectadas nas citadas paradas de autobús para os efectos de non solapar nin duplicar actuacións no treito a transferir da AC-543.

Sexto. A complementariedade das competencias e intereses públicos da Axencia Galega de Infraestruturas e do Concello de Brión, aconsellan que se materialice esta mellora da seguridade viaria, da accesibilidade e tamén da conservación do treito de estrada obxecto do convenio, formalizando en primeiro lugar o cambio de titularidade en favor do concello, para

que a continuación sexa a entidade local a que licite e execute as obras, e as poida xa adecuar á súa funcionalidade futura de acordo coas características propias dun vial urbano, non dunha estrada. É vantaxoso para ambas partes e para o interese público, ao obterse como resultado final unha vía máis segura e accesible, de titularidade municipal, cunha actuación na que o concello realiza unha achega económica para axudar a impulsar a actuación. Deste modo, xustifícase a concesión directa dunha subvención ao Concello de Brión ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Brión para o acondicionamento da AC-543 dende o p.q. 8+390 ao 9+870, xunto co cambio de titularidade do treito da AC-543 desde o p.q. 8+390 ao 10+000.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- Ampliación e renovación das beirarrúas, a costa de estreitar a calzada da vía.
- Fresado e reposición da capa de rodadura nos dous carrís, beiravías e bandas de estacionamento, con mestura bituminosa en quente.
- Reposición dos servizos afectados: alumeadado público, saneamento e pluviais.
- Sinalización horizontal, reposición das liñas existentes, pintado de paso de peóns, símbolos e frechas.

O orzamento de execución destas actuacións estímase en **SEISCENTOS CINCO MIL CATROCENTOS DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (605.402,72)**, IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Brión cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

O Concello de Brión obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción do proxecto, licitación e execución das obras).
2. Cofinanciar as obras proxectadas nunha porcentaxe do 30% do orzamento estimado, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Aceptar a transferencia da titularidade do treito da estrada AC-543, con inicio no límite municipal Ames/Brión, AC-543 p.q. 8+390 (coordenadas. UTM Etrs89 huso 29: x=527.604 / y=4.744.859) e final no p.q. 10+000 (coordenadas. UTM Etrs89 huso 29: x=526.069 / y=4.744.558), así como asinar a acta de entrega correspondente antes da licitación da obra. Exceptuase desta transferencia a calzada e a beiravía das glorietas da AC-543, que seguirán sendo de titularidade autonómica, nos seguintes pp.qq. 9+310 (conexión coa AC-304) e 9+730 (conexión coa AC-300 e AC-451).

A tramitación do expediente de cambio de titularidade realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

A sinatura deste convenio xa supón o acordo entre ámbalas dúas administracións nos termos recollidos anteriormente establecidos na normativa xa citada en relación á tramitación de expediente de cambio de titularidade.

4. A sinatura deste convenio supón a autorización do concello de Brión como novo titular do treito para realizar as obras proxectadas nas paradas de autobús no suposto de que a

transferencia do treito da AC-543 que se especifica no parágrafo anterior se formalizara antes de que a Axencia Galega de Infraestruturas puidera levalas a cabo.

5. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

7. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

9. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para, se o estima oportuno, enviar a un representante.

10. O Concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Axencia Galega de Infraestruturas), de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:



CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras nunha porcentaxe do 70% do orzamento, destinando para iso ata un máximo de **CATROCENTOS VINTE E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (423.781,90 €)**, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe €
2023	211.890,95
2024	211.890,95

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2023.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Brión xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaria da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica dos carteis da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio, así como das obras realizadas.

Serán subvencionables os gastos realizados durante os anos 2023 e 2024. A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada. De conformidade establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Brión, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituírse unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Brión.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía

administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados dende a data de sinatura do convenio nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste e en proba de conformidade asinan o presente documento.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

Ethel M^a Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Brión

Pablo Lago Sanmartín

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta, ¿por qué non asume a Xunta o 100%?

O Sr. Alcalde sinala que hai servizos afectados como os de abastecemento e saneamento que teñen que acondicionarse, hai que actuar nese aspecto, e por iso achega o Concello para facer esas acometidas. Respecto do tema doutras estradas, tamén foi solicitada outra, pero haberá que ir pouco a pouco, e tamén está a da Deputación e algún día poderá pedirse, pero ten que estudarse o tema.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que os que traspasan as estradas a longo prazo aforran cartos polo mantemento, e remata sinalando que nas negociacións igual se tivo que esixir máis da Xunta.

O Sr. Alcalde sinala que non me queixo, é unha contía importante, é un feito importante para os veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que existen veciños que esixen tamén outras estradas, que sexan entregadas en debidas condicións ou a coste cero.

Votación e resultado:

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do convenio nos seus propios termos.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González